

ORDENANZA Nº 39 REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO ACCESO E UTILIZACIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUIÑOS INDUSTRIAIS DE XUVIA DO CONCELLO DE NARÓN

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigos 2 e 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Narón regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario (en adiante PPCPNT) polos servizos de acceso e utilización do Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Ademais, as condicións de uso de tales servizos e as relacións entre a entidade xestora dos mesmos e as persoas usuarias rexeranse polo Regulamento que o servizo municipal do Concello de Narón competente aprobe.

ARTIGO 1º.- OBXECTO DA PRESTACIÓN

O obxecto da PPCPNT está constituído por:

1.1.- A visita ou entrada ao Centro durante o horario preestablecido polo público en xeral.

1.2.- A cesión da utilización dos espazos e instalacións do Centro para outros usos comerciais, sempre que sexan autorizados e compatibles coa natureza do mesmo.

Non estarán suxeitas a esta prestación, aquelas visitas, entradas ou utilizacións derivadas de actividades organizadas polo Concello, cun máximo de 150 horas anuais.

ARTIGO 2º.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Son obrigados ao pagamento persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que soliciten a entrada ou utilización nos recintos aludidos no artigo anterior.

ARTIGO 3º.- CONTÍA

A contía da PPCPNT queda regulada como se establece nas seguintes tarifas:

3.1.- Tarifa 1: Acceso e visita Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia

3.1.a) Entrada Xeral: 3,30 euros/persoa (3,00 euros máis IVE (10%))

Non será esixible o abono da PPCPNT pola visita do apartado 3.1.a), os días:

- 23 de novembro, día do Patrón Local.
- 18 de maio, día Internacional dos Museos.

Terán dereito á redución do 50% do importe da PPCPNT por entrada contemplada na tarifa 3.1.a), coa presentación na recepción do documento oficial correspondente, válido e actualizado:

- a) Os membros de familias numerosas.
- b) Os maiores de 65 anos.
- c) Os titulares do Carné Xove.
- d) Persoas con diversidade funcional e/ou dependentes e acompañantes no caso que se acredite a súa necesidade.

e) Estudiantes con idades comprendidas entre os 6 e os 18 anos.

3.1.b) Visitas guiadas a grupos:

1. Visita guiada ordinaria escolar: 5,50 euros/persoa (5,00 euros máis IVE (10%)).

2. Visita guiada ordinaria reducida (supostos contemplados na redución da tarifa 3.1.a): 4,00 euros/persoa (IVE incluído).

As visitas guiadas ordinarias son aquelas que se realizan en horarios, idioma e días prefixados polo CIMIX e con prazas limitadas en función de dispoñibilidade

3. Visita guiada a grupos organizados: 5,50 euros/persoa (5,00 euros mais IVE (10%)).

Non procede a redución de tarifa ás visitas guiadas a grupos organizados, ao tratarse dun tipo de visita cunhas características especiais: deseñada para grupos organizados de 10 persoas ou máis, con adaptación de contidos ás características do grupo, elección de horario, de día e de idioma.

3.2.- Tarifa 2- cesión para a utilización dos espazos do CIMIX para outros usos

3.2.a) 89,59 euros por hora de utilización (74,04 euros máis IVE (21%))

Sen prexuízo da obriga de obter na recepción do recinto, entrada con cota cero, non estarán suxeitos ao pagamento desta PPCPNT:

a) Os menores de 6 anos.

b) O Concello poderá, por motivos protocolarios e dentro da marxe establecida nos documentos que regulen a prestación do servizo, conceder visitas ou entradas gratuítas, ao público en xeral ou a grupos en particular, en determinados días e horas que acorde realizar.

ARTIGO 4º.- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

O nacemento da obriga de pagamento da PPCPNT polo obxecto do apartado do artigo 1.1 producirase desde o momento en que o visitante solicite a súa entrada nos recintos municipais, entendéndose producida tal solicitude coa adquisición dos tickets ou outros documentos xustificativos do pago da taxa.

Así mesmo a obriga de pagamento da PPCPNT polo obxecto do apartado do artigo 1.2 producirase desde o momento en que o usuario formalice a reserva do espazo e se emita a factura correspondente e o pagamento da mesma.

ARTIGO 5º.- PAGO

5.1.- O pago da PPCPNT pola visita e entrada efectuarase no momento da visita aos recintos a que se refire a presente Ordenanza. Enténdese por visita a entrada e permanencia nos recintos indicados unicamente no horario establecido.

5.2.- O pago da PPCPNT polo uso dos espazos efectuarase no momento da emisión da factura por parte do concesionario da xestión do Centro.

ARTIGO 6º.- RESPONSABILIDADE DOS USUARIOS

Os visitantes ou usuarios/as dos recintos virán obrigados a reintegrar ao Concello os danos ou danos que causaren a instalacións, obxectos ou edificios con motivo da súa permanencia naqueles.

ARTIGO 7º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Para a cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase ao previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei de Bases de Réxime Local.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.